

ACTIVIDADES CONMEMORATIVAS DO 25N

O CIM de A Lama organiza no CEIP de A Lama obradoiros conmemorativos do 25N.

Estes obradoiros terán lugar o 27 de novembro e ten como obxectivo a prevención e sensibilización no eido da violencia de xénero e igualdade de oportunidades entre o alumnado.

Levaranse a cabo con todos os alumnos e alumnas de primaria, uns 66 alumnos en total, organizados en grupos: 1º e 2º, 3º e 4º, e 5º e 6º, cunha duración total de 6 horas. Estes obradoiros ten como obxectivo:

- Sensibilizar ao alumnado en materia de igualdade de xénero.
- Dotar aos/ás participante de ferramentas para que sexan quen de recoñecer diferentes situacións de desigualdade e machismo dotándoos/as de estratexias para abordalas.
- Traballar dende a escola no fomento dun pensamento crítico que axude a modificar paulatinamente as conductas socialmente arraigadas e os estereotipos por razón de sexo.

Para acadar estes obxectivos traballaranse distintos contidos: Igualdade de oportunidades versus discriminación, xénero, estereotipos de xénero e socialización diferencial, roles de xénero, machismo, sexismo, feminismo, corresponsabilidade, etc. todos estes contidos traballaranse a través de dinámicas axeitadas á súa idade e cunha metodoloxía participativa e integradora. Serán impartidos por unha psicóloga con ampla experiencia

Estes obradoiros están subvencionados pola Deputación de Pontevedra a través das Bases reguladoras da convocatoria de subvencións dirixidas aos concellos de menos de 20.000 habitantes da provincia de Pontevedra, para o fomento da igualdade de oportunidades e a prevención da violencia de xénero para o ano 2023.

Por outro lado, o día 24 de novembro ás 13.00 horas terá lugar a lectura do manifesto conmemorativo do 25N no Salón de Plenos Municipal.



